Cumpriuse co obxectivo de actualizar as bases de datos coas visitas realizadas a centros/equipamentos/recursos por curso e materia en cada grao, a fin de non solaparse, o que permitiu rendabilizar esforzos e recursos, contribuíndo a mellor xestión e planificación da actividade docente. Este mesmo mecanismo foi tamén apuntado no caso das

intervencións de profesionais con experiencia nun campo de coñecemento.

Ao profesorado do grao pasóuselle unha rexilla para o rexistro das actividades previstas con datas aproximadas co fin de obter unha primeira información para a toma de decisión. Buscouse aproveitar unha mesma visita para que varias materias se puideran involucrar.

Levouse a cabo un minucioso estudo para revisar os convenios de prácticas existentes na , facendo unha valoración respecto das áreas deficitarias, que debe seguir no curso 2013-2014 xa que por mor da crise económica moitas das institucións que traballan con nós no practicum víronse moi afectadas coa merma de recursos.

Revisáronse os contidos das materias. Partimos da mesma estrutura do título, os módulos e itinerarios (obxectivos, materias, etc.), para chegar á concreción das materias. A análise de cada módulo foi unha oportunidade para a interrelación e a coordinación, suscitándose a necesidade de realizar reunións entre os profesores das materias que os integran en cada caso para buscar un sentido unificador, tanto conceptual coma metodolóxico. O obxectivo foi buscar a correlación horizontal no desenvolvemento do plan de estudo. Un resultado desta revisión foi a necesidade de adoptar cambios na ficha da materia Educación ao Longo da Vida.

Así, xa neste curso propuxéronse cousas sinxelas como compartir recursos, utilizándoos dende diferentes perspectivas para ir avanzando cara a eixos de traballo compartidos. Ademais, os coordinadores de curso mantiveron reunións cos profesores de módulos e itinerarios para revisar os programas de estudo e acometer melloras: contidos, avaliación, bibliografía, etc.

Co obxectivo de acercar ao alumnado á realidade socio-laboral planificouse unha mesa redonda coa participación de pedagogos que traballan en diferentes contextos, para axudar ao alumnado a visualizar o seu campo de traballo, sobre todo en 1º ano que é cando ve máis afastado o perfil profesional . Os programas de todas as materias do grao están dispoñibles na páxina web en, a lo menos, dous idiomas.
(http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9)

O profesorado cumpriu cos prazos establecidos pola Universidade para a avaliación do alumnado. As actas entregáronse maioritariamente no prazo marcado con un 9,57 de actas fora do prazo sobre 90 (IXA-04 )

Neste mesmo ano tamén se deseñou a Guía n do Traballo Fin de Grao, establecéndose os criterios de asignación de titor/a. Ademais dun instrumento de avaliación para orientar os tribunais.

Como consta no informe de seguimento 2011-2012. A titulación conta con tres grupos de innovación docente. Os docentes da titulación están implicados en distintos proxectos de innovación educativa facendo un importante esforzo. Entre eles destaca o proxecto de Aprendizaxe-Servizo Peinas (2ª curso. Materia de Pedagoxía Intercultural) que se leva desenvolvendo dende o inicio do grao e que foi considerado como boa práctica pola Fundación Zerbikas.

A conta cun sistema de xestión das incidencias, reclamacións e queixas para alumnado e profesorado que permite unha áxil resposta aos problemas plantexados buscando a negociación e o acordo entre as partes implicadas.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Planificación anual por curso das visitas atendendo ás materias implicadas e aos recursos dispoñibles.
- Reunións de coordinación intra e inter curso.
- Coordinación de programas
- Mesa redonda con profesionais
- Cuestionario propio de satisfacción para o alumnado
- Guía e instrumento de avaliación do Traballo Fin de Grao
- Proxecto de ApS Peinas

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

a) Continuar co traballo de coordinación de programas.

b) Impulsar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

c) Visibilización do plan de visitas a centros, institucións, etc. que teñen alto valor pedagóxico.

d) Seguir coa actualización dos convenios de practicum.

e) Ampliación e diversificación dos marcos de actuación para o practicum.

f) Visibilización na páxina web do centro dos convenios, a labor de coordinación do título, plan de visitas, delegados.

g) Incentivar as propostas de innovación na docencia, facéndoas máis visibles ao resto do profesorado e impulsando procesos de formación docente.

h) Necesidade de aprobar o regulamento do TFG, que se demorou polas modificacións da normativa da Universidade.

i) Mellorar o funcionamento da Comisión de grao establecida e regulada no Sistema de Garantía Interno de Calidade.

j) Incentivar, dende a coordinación, a figura de delegado de curso e a implicación do alumnado na súa elección (participación).

k) Revisar as fichas das asignaturas da titulación, relacionando coa análise das competencias do titulo presentado no criterio planificación.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

<table>
<tr><th colspan="8">Recursos humanos</th></tr>
<tr><td colspan="8">Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</td></tr>
<tr><td colspan="8">Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</td></tr>
<tr><td>Satisfactoria</td><td>A</td><td>Suficiente</td><td>B</td><td>Insuficiente</td><td>C</td><td>Ausencia de evidencias documentais</td><td>D</td></tr>
<tr><td colspan="8">Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:<br><br>A información de PDI e PAS é pública. Na páxina web reflíctese as materias que se imparten, os horarios de titoría e os modos de contacto. Tamén se encontra de pública disposición a situación contractual do PDI e o Departamento e a área de coñecemento á que pertence. A cantidade de profesorado que imparte docencia no título é de 39, 10 máis dos previstos na memoria para a solicitude do titulo. Este feito débese a que a maior parte deles, imparte docencia en máis dunha titulación e moitas materias esta impartida por máis dun profesor/a.<br><br>Entre o PDI que imparte na titulación, o 89,74% é doutor (IN24-PS-01) e o 64,52% (IN23-PS-01) conta con sexenios recoñecidos pola ANECA. Isto demostra que se conta con profesorado experto no seu área de coñecemento con suficiente capacidade investigadora para levar adiante a tarefa de ensino das diferentes asigunaturas que se imparten no título. Aínda que é importante poñer de relevo que non impartir docencia de forma exclusiva no titulo, limita a concentración de esforzos e a visión completa da formación que reciben o alumnado.<br>O 66,7% do total de PDI é funcionario (IN25-PS-01), o grupo restante corresponde a profesorado contratado doutor, axudantes doutores e contratado interinos de substitución con escasa estabilidade e tamén a un pequeno número de profesorado asociado de tempo parcial. Isto podería estar limitando as posibilidades de proxectos estratéxicos a longo prazo tales como as propostas formativas, e a especialización e estabilidade en docencia de determinadas materias. Esta situación, que se foi agravando no último tempo, e pode ter efectos nas enquisas de satisfacción do alumnado pola docencia recibida, que decaeu no último ano, de 4,86 a 3,77 (IN50-S01-PM-01).<br>Cabe resaltar neste sentido tamén a gran carga docente do profesorado das áreas implicadas nesta titulación, a maior parte delas deficitarias de forma estrutural, tal como o menciona a memoria do título. Situación que aínda non se corrixiu no fundamental. Por outro lado, as clases expositivas contan cunha media de 62,2 alumnos e as prácticas con 20, (IN30-PS-01), o que determina as condicións da docencia desenvolvida.<br>Tendo todo isto en conta, os resultados de satisfacción, tanto de alumnado coma de profesorado poden considerarse satisfactorios, aínda que se fai necesaria unha revisión dos aspectos que poderían estar a influír na mingua da porcentaxe de satisfacción do alumnado e encontrar solucións ás problemáticas formuladas. Nese sentido, dende hai dous anos, activouse un cuestionario ao alumnado onde se indaga acerca de cuestións concretas que non están incluídas na avaliación da docencia que realiza a USC. Alí percíbense certos aspectos que poderían influír no nivel de satisfacción do alumnado como: a mellor organización do material de estudo, a necesidade de fomentar máis a participación en clase; adecuación dos contidos aos tempos dispoñibles, etc. Nese sentido, durante o presente curso realizáronse reunións con todo o profesorado implicado, algunhas delas monográficas sobre problemas concretos da docencia na titulación. Estas reunións formúlanse como espazo de formación, xa que nelas se pretende a reflexión sobre a práctica en situacións onde se analiza colaborativamente as problemáticas concretas e non xenéricas. Isto non suplanta a proposta de cursos ou outras modalidades de formación que se desenvolven para o conxunto da Facultade e da universidade. No Plan de Formación e Innovación Docente da USC, participaron, durante o curso 2012-2013, 33 profesores/ás realizando 21 cursos de diverso tipo, a maioría deles referido ao uso de tecnoloxías na docencia. Ademáis hai dous groupos activos de innovación docente entre o profesorado do título que figuran na lista de groupos de innovación docente da Universidade de Santiago http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/lisgruinodoc.html</td></tr>
</table>

Nas enquisas propias da Facultade aplicadas durante o curso, o alumnado de Pedagoxía sinala un grao de satisfacción con respecto ao persoal de Administración e Servizo, dun 3,15 sobre 5. Indica alí a necesidade de que os PAS cubran un abano máis amplo de horario de atención ao alumnado (conserxaría). Hai plena satisfacción pola eficiencia e prontitude na resposta a solicitudes por parte da oficina de administración.
Queda pendente, dadas as condicións económicas deste momento, unha mellora sinalada no informe de seguimento do curso 2010-2011 e na memoria do título no relativo a necesidade doutros recursos humanos, , tales como persoal técnico de apoio á docencia que atenda a funcións de: mantemento de equipos informáticos e audiovisuais das instalacións docentes e apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Aplicación dun cuestionario anual ao alumnado sobre aspectos referidos ao desenvolvemento da docencia, prácticas preprofesionais e o funcionamento da administración e servizos. Difusión de resultados entre o profesorado do titulo e os responsables de servizos da Facultade.
- Apertura dun espazo virtual de coordinación para mellorar a comunicación entre o profesorado e analizar problemáticas comúns.
- Apertura dun espazo virtual de coordinación de curso co obxecto de mellorar a comunicación entre a coordinación do curso e o alumnado e entre estes.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1-Acordar iniciativas de formación do profesorado a longo prazo, cara á formación continua.
2-Propoñer ampliar o porcentaxe profesorado cada ano participe do programa Docentia.
3-Realizar reunións con PAS para analizar as relacións e funcións para co alumnado.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Recursos materiais e servizos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

En relación a este punto, verificase o que se argumentou en informes anteriores en relación á proposta na memoria do título, así como as modificacións realizadas ata o momento. Logo deste período de implementación do titulo, faise necesario puntualizar outros aspectos relativos aos recursos materiais e de servizos, baseados nos datos que xorden dos cuestionarios implementados ao alumnado durante o curso 2012-2013 que, solucionados os anteriores, son necesarios de analizar. Baseámonos nesa información xa que aínda non hai datos que proveñen do nivel de satisfacción dos egresados en relación aos recursos materiais e servizos. Con respecto á biblioteca, os alumnos do grao de Pedagoxía, durante ou curso 2012-2013, manifestan un nivel de satisfacción de 3,82 sobre 5. É de destacar que a biblioteca conta nestes momentos cos seguintes fondos bibliográficos:

Total de volumes: 108.554 (monografías)

Total de títulos de revistas: 1.461, das cales 309 se mantén aberta a subscrición.

Total de postos de lectura: 324 (moi por debaixo da ratio xa que se considera que para bibliotecas universitarias debe de haber 1 posto de lectura por cada 5 alumnos. A matrícula para o curso 2012-2013 é de 2.200 alumnos na de Educación, polo tanto, necesitaríanse 440 postos pero, se a iso engade que a biblioteca atende tamén aos 1.100 alumnos matriculados na titulación de Psicoloxía, entón o óptimo estaría nos 660 postos de lectura)

Por outro lado, a biblioteca dispón do 90% das demandas de bibliografía que solicitan os alumnos segundo as bibliografías recomendadas polo profesorado.

No que respecta ás aulas de informática da , cabe destacar que o alumnado do título ten acceso a dúas aulas de informáticas (unha destinada exclusivamente á docencia especialista e outra aberta ao alumnado para o seu uso libre). Estas aulas son xestionadas polo sistema RAI (Rede de Aulas Informáticas) da Universidade, tanto no referente a software coma a hardware. A aula destinada á docencia encóntrase con hardware e software en bo estado e actualizados, aínda que o profesorado especializado demanda recursos específicos para a docencia como por exemplo unha Pizarra Dixital Interactiva (PDI). Na aula de uso libre detéctanse serios problemas relativos á actualización do hardware e no referente aos seus horarios de apertura. Cabe dicir que esta depende de dous bolseiros contratados pola Universidade Os bolseiros/as colaboran no funcionamento da Aula de Informática do centro, cunha dedicación de 15 horas semanais, o horario dos bolseiros/as exponse na porta da aula. A duración da bolsa durante nove meses do

período comprendido entre o 1 de setembro de 2012 ao 31 de maio de 2013. A a xuízo do alumnado isto se ve insuficiente. A valoración deste servizo polo alumnado é de 2,75 sobre 5. A aula conta con 16 ordenadores e unha impresora. Trece equipos están obsoletos e de difícil utilización, polo que require actualizarse. Requírese maior apertura da aula, sobre todo pola mañá na que hai mais demanda, ademais de actualizar os ordenadores co obxecto de ofrecer un mellor servizo aos estudantes. A media mensual de afluencia á aula polas mañás é de 237,2 alumnos/as e pola tarde de 96,1 alumnos/as.

Cabe destacar que o alumnado tamén ten acceso a través o WIFI en toda a Facultade, servizo que foi ampliado durante o curso 2012-2013. Cada profesor conta cun posto de acceso a internet con ordenador individual. Os Ordenadores conectados á rede para docencia por estudante equivalente a tempo completo es de 5,6 (Fonte: IN32-PS-02- http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html). O número de ordenadores conectados a rede para docencia é de 96 (Fonte: IN32-PS-02 http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/GRAO2013/2013-11-30_Ordenadores_docencia.pdfl).

A facultade conta ademais con recursos que no están fixos nas aulas pero que están disponibles para su uso (ordenadores portátiles, cámaras de vídeo, etc.) que se trasladan en función das necesidades. (ordenador, canón de vídeo) e outros portátiles (ordenadores portátiles, cámaras de vídeo, etc.) que se trasladan en función das necesidades. Todos están inventariados e xestionados dende a conserxaría da Facultade , cun protocolo de préstamo y notificación de avarías elaborado ad hoc. É importante que o profesorado coñeza os recursos dispoñibles para a docencia, de tal forma que poida planificar o ensino aproveitando ao máximo as dispoñibilidades. No curso 2012-2013 actualizouse a partida de ordenadores portátiles. Sería necesario proceder á a compra de mais cámaras de foto e de vídeo que se utilizan para a docencia.

A Facultade conta tamén cunha sala dotada de videoconferencia. Para a súa utilización dispúxose dun programa de formación específica e elaborouse un titorial de apoio, ademais dun protocolo de actuación.

En relación ao Servizo de Recursos Psicopedagóxicos da Facultade, tense en conta todo lo expresado no informe anterior, aínda que, dadas as condicións económicas, aínda non foi posible a contratación dun bolseiro/a ou axudante que apoiase a súa cobertura. Dado que o seu uso se foi xeneralizando para o curso 2013-2014 farase necesaria a ampliación do horario de atención (este ano son 8 horas de atención ao público semanais). Tamén a ampliación do catálogo con novas probas dispoñibles para empréstito (ata 20 probas novas). E o cambio do emprazamento do servizo para ampliar ou espazo físico dispoñible o que ofrece a posibilidade de ampliar o arquivo e a dispoñibilidade de postos para consulta en sala e/ou traballo en grupo. O resto de servizos da Facultade : Reprografía e cafetería formúlanse satisfactorios para o alumnado.

**BOAS PRÁCTICAS:**

| |
|---|
| |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>1. Formular unha proposta de mellora da Aula de Informática en conxunto coa coordinadora da mesma.<br>2. Ampliación do horario de atención do Servizo Psicopedagóxico e ampliación do catálogo con novas probas dispoñibles para empréstito (ata 20 probas novas) e cambio do emprazamento do servizo para ampliar o espazo físico dispoñible.<br>3. Realizar e facer público para o profesorado un inventario de recursos para docencia. |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Resultados previstos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A tasa de rendemento do título para o ano 2012-2013 é de 86,67 (IN40-S01-PM-01). A evolución dos últimos tres cursos é significativa como mostra o **Gráfico 1**. As tasas de éxito 93,3 (IN42-S01-PM-01) e a de avaliación de 92,9 (IN42-S01-PM-01). A duración media dos estudios é de 4 anos, e a de eficiencia dos titulados de 96,49%. A de abandono no primeiro curso é do 16% (IN46-S01-PM-01).




En canto á inserción laboral dos titulados, os informes mostran que o 44,4% está traballando en algo referido á súa profesión e que a media de demora en atopar emprego é de 8,59 (Análise da inserción laboral dos titulados segundo o SUG, 2008-2009). Todos estes datos están a demostrar o bo funcionamento do desenvolvemento do titulo e a súa validez no momento actual.

Existe un procedemento documentado para avaliar sistematicamente cada ano a satisfacción, expectativas e necesidades do alumnado a través de cuestionarios aplicados a estudantes de todos los cursos da Facultade . Os datos extraídos mostran un nivel de satisfacción amplo en canto a docencia recibida e o desenvolvemento do titulo, así como os servizos da Facultade. Isto, sumado aos indicadores antes descritos, indica que o título ten un desenvolvemento

| |
|---|
| apropiado en función do planeamento inicial.<br>Por outro lado, a porcentaxe de alumnos que volverían cursar a carreira é de 66,7% (http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Estudantado_egresado_co_txtulo.pdf), o cal demostra un grao de satisfacción aceptable para co título.<br>Non obstante, como pode verse neste informe, hai numerosas cuestións para continuar mellorando. Destácase a necesidade de analizar as ocupacións codificadas no Catálogo Nacional para identificar as afíns á titulación de Pedagoxía, fundamentalmente co obxecto de realizar a implantación do título no sistema laboral e produtivo. O que permitirá que a profesión teña o lugar e o valor merecido no catálogo de cualificacións. |
| **BOAS PRÁCTICAS:** |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:** |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

| **Sistema de garantía da calidade** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Dende maio de 2013 a Universidade ten aprobado un Sistema Marco da USC (http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/sgic-usc.html) que implica que os centros teñen que adaptar o Manual Simplificado ás súas particularidades. Nestes momento estamos precisamente adaptando ese Manual Simplificado.

Non obstante estanse aplicando os criterios de calidade en todos os aspectos de desenvolvemento do titulo. A través da coordinación comezáronse a desenvolver accións que atenden á mellora das condicións en que se esta desenvolvendo, tanto no referente á planificación das ensino, como na xestión dos recursos e servizos. Cuestións coas que se pretende continuar no curso 2013-2014. Así mesmo estase a poñer en practica un plan de acción titorial para o alumnado, non só no primeiro curso, senón que se visualiza o seu seguimento nos diferentes cursos do titulo.

**BOAS PRÁCTICAS:**

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Adaptar o novo manual simplificado a las características do titulo.
- Profundizar no plan estratéxico consensuado por toda a Facultade.

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

| **Calendario de implantación** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |
| **Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**<br>O calendario de implantación do titulo está desenvolvéndose de maneira satisfactoria. As materias en extinción da licenciatura están sendo sostidas polo profesorado en seu conxunto, a pesar da carga docente que isto supón. | | | | | | | |
| **BOAS PRÁCTICAS:** | | | | | | | |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:** | | | | | | | |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

## 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

<table>
<tr><th colspan="2">INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN</th></tr>
<tr><th>Recomendacións establecidas no informe final</th><th>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, …)</th></tr>
<tr><td>Planificación do ensino: Deberíanse incorporar a ponderación das ferramentas de avaliación para cada módulo o materia, tendo en conta os criterios de avaliación continua aos que face referencia.</td><td>Esta recomendación incluíuse como resposta a las recomendación del expedinte nº 1659-2009 como sigue: En caso das dichas de materias que no contemplan o peso ponderado dos deferentes elementos de avaliación asumirán, si o carácter da materia o permite, a seguinte distribución: 1-Asistencia a clases/participación nas actividades de aula/elaboración de traballos/proxectos/informes/participación en foros: máximo 70%. 2- Exame final da materia: máximo 50%</td></tr>
<tr><td>Se debería detallar o perfil do profesorado, indicando de forma mais clara a experiencia docente e investigadora do mesmo e a dedicación neste título</td><td>Para completar os datos que aparecen na Memoria do título, respecto a experiencia docente do profesorado, indicase a valoración da actividade docente do profesorado de pedagoxía pola parte dos estudantes (escala 1 a 5) en relación coa media da universidade.<br>
<table>
<tr><th>Area de coñecemento</th><th>2005/2006 Media área</th><th>2006/2007 Media área</th><th>2007/2008 Media área</th></tr>
<tr><td>215 Didáctica e Organización Escolar</td><td>3,18</td><td>3,25</td><td>3,28</td></tr>
<tr><td>625 Métodos de investigación y Diagnóstico en ed.</td><td>3,22</td><td>3,17</td><td>3,44</td></tr>
<tr><td>805 Teoría e Historia de la educación</td><td>3,38</td><td>3,37</td><td>3,39</td></tr>
<tr><td>Media Universidade</td><td>3,38</td><td>3,40</td><td>3,46</td></tr>
</table></td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | En relación a experiencia investigadora incluíronse dados de teses dirixidas nos cincos anos (2004-2008) (62) e os proxectos de investigación vixentes no ano 2008 (16) |
| | |

| **INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano)** | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, …)** |
| 2011-2012 | Actualizouse o enlace á biblioteca da Facultade na web pública. Responsable: Vicedecano de calidade |
| 2011-2012 | Nomeamento de coordinadores de grao e de curso responsable: Decano da Facultade. Responsable: Decano da Facultade |
| 2011-2012 | Elaborouse un instrumento de avaliación de competencias aplicado ao Traballo Fin de Grao. Data: maio 2013. Responsable: Coordinación de grao. |
| 2011-2012 | Desenvolvéronse reunións de coordinación solucionando problemas concretos que atinxen á planificación de ensino. A coordinación foi proactiva todo o curso. Responsable: Coordinación do Grao |

**5.- PROPOSTAS DE MELLORA.**

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-1 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Criterio: COMPETENCIAS /OBXECTIVOS |
| | Definición | Análise causa | Coñecemento parcial da adquisición de competencias xerais e específicas nas que forma o título.<br>Necesidade de reforzar a conexión co mundo profesional |
| | | Definición/ descrición proposta | **Identificación e coordinación da formación nas competencias xerais e específicas do título en conexión co campo ocupacional da Pedagoxía** |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2015 |
| | | Data inicio | Outubro 2013 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinación do grao |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinadores dos cursos e Profesorado da titulación |
| Tarefa1 | | Código | AM1-1 |
| | | Descrición tarefa | Coordinación da formación nas competencias do título<br>-Requirir información específica de cada materia ao respecto das competencias nas que forma<br>- Coordinar a formación de competencias xerais, específicas e transversais do título |

| | | |
|---|---|---|
| | **Data prevista de finalización** | **xullo 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinador do grao** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinador 2º curso** |
| | **Usuario responsable** | **Profesorado titulación** |
| **Tarefa 2** | **Código** | **AM1-2** |
| | **Descrición tarefa** | Análise do campo ocupacional da Pedagoxía e da Memoria do Título de Grao en Pedagoxía co obxecto de:<br>- Cruzar información sobre as ocupacións do Catálogo Nacional de Ocupacións e as propostas na Memoria do Título de Grao en Pedagoxía como saídas profesionais.<br>- Reforzo ou reformulación, segundo proceda, das competencias específicas recollidas na Memoria de Grao en Pedagoxía. |
| | **Data prevista de finalización** | **Xullo 2015** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinación do Título. Profesorado titulación** |
| | **Usuario responsable** | **Profesorado da titulación** |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-2 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Criterio: Criterio Planificación |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de organizar e coordinar as accións de titorización para o alumnado dos diferentes cursos do título. Incentivar a responsabilidade e a participación activa do alumnado na súa formación universitaria. |
| | | Definición/ descrición proposta | **Deseño e desenvolvemento de accións de titorización especificamente para cada un dos cursos**, segundo a seguinte secuencia: Alumnado de Primeiro "acollida", de Segundo "opcións de profesionalización", de Terceiro "competencia informacional e dixital", e de Cuarto "Traballo fin de Grao".<br>Desenvolvemento de accións que impliquen máis ao alumnado no desenvolvemento da súa formación. Reforzo da figura do delegado/a de curso e da responsabilidade do alumnado no programa de "Titores de Primeiro". |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Data inicio | Setembro 2013 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Coordinador de Grao |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinadores de curso da titulación. Profesorado da titulación |

| | | |
|---|---|---|
| **Tarefa1** | **Código** | **AM2-1** |
| | **Descrición tarefa** | Acción titorial para o alumnado do 1º curso. Actividades de acollida. Dinámicas grupais. Recoñecemento da estrutura da titulación. |
| | **Data prevista de finalización** | **Novembro 2013** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinadora do grao** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinadora do 1º curso** |
| **Subtarefa 1** | **Código** | **AM2-1.1** |
| | **Descrición tarefa** | Xornada de información sobre o funcionamento da biblioteca para o alumnado de novo ingreso.<br>Xornada de información sobre o funcionamento do Campus Virtual da USC para o alumnado de novo ingreso |
| | **Data prevista de finalización** | **11/09/2013 e 18/09 respectivamente** |
| | **Persoa responsable** | **Persoal da biblioteca da Facultade Persoal del Centro de Tecnoloxías da aprendizaxe da USC** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinación de primeiro curso** |
| **Tarefa2** | **Código** | **AM2-2** |
| | **Descrición tarefa** | Dar a coñecer as opcións formativas e profesiionalizadoras do título. Xornada con presenza de profesionais en exercicio formados en Pedagoxía. Especialmente deseñada para o alumando de 2º e 3º cursos co ánimo de mellor orientar a escolla de itinerario formativo, espazos para o Practicum e outras actividades formativas optativas. |
| | **Data prevista de finalización** | **Maio 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinadora de 2º** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinadoras do título** |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| **Tarefa3** | **Código** | **AM2-3** |
| | **Descrición tarefa** | Acción titorial para o alumnado do 2º,3º e curso: desenvolvemento da competencia informacional |
| | **Data prevista de finalización** | **Maio 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinadora do grao** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinadora do 1º curso** |
| **Subtarefa 1** | **Código** | **AM 2-3.1** |
| | **Descrición tarefa** | 2º curso: Xornada de traballo sobre privacidade nas redes sociais e Internet, dereitos de autor, responsabilidade cos datos .<br>3º curso: Xornada de traballo sobre xestores bibliográficos e a súa utilización nos traballos académicos. |
| | **Data prevista de finalización** | Abril 2014 e maio 2014 respectivamente |
| | **Persoa responsable** | Coordinadora do grao |
| | **Usuario responsable** | Coordinadora do grao e Coordinación de primeiro curso |
| **Tarefa4** | **Código** | **AM 2-4** |
| | **Descrición tarefa** | Xornada de apoio titorial para a elaboración dos Traballos Fin de Grao no relativo á competencia informacional. Indicación de posibilidades, formatos, regulamento e criterios de seguimento e avaliación. |
| | **Data prevista de finalización** | Xullo 2014 |
| | **Persoa responsable** | Coordinadoras do grao |

| | | |
|---|---|---|
| **Tarefa 5** | **Código** | **AM2-5** |
| | **Descrición tarefa** | Incentivar a figura de delegado/a de curso e a implicación do alumnado na súa elección.<br>- Establecer un plan de información sobre as funcións dos delegados/as nos distintos cursos.<br>- Campaña de presentación de candidaturas e proceso de votación de delegados/as por curso. |
| | **Data prevista de finalización** | **Novembro 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinación do grao** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinadores do curso da titulación** |
| **Tarefa 6** | **Código** | **AM2 -6** |
| | **Descrición tarefa** | Difusión e incentivo da participación do alumnado de cuarto curso no "Programa de titores" para o alumnado de 1º. Elaboración dun documento no que se detallen as funcións do alumnado titor. |
| | **Data prevista de finalización** | **Marzo 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Coordinador 4º curso** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinadores do curso da titulación** |
| | **Usuario responsable** | **Profesorado da titulación** |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |

| | | |
|---|---|---|
| | Data comprobación | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-3 |
| | | Tipo | Accións de Mellora |
| | Orixe | Orixe acción | Informe de Seguimento |
| | | Descrición orixe | Recursos materiais |
| | Definición | Análise causa | Desinformación sobre as posibilidades de uso dos recursos existentes a disposición de docentes e alumado para o ensino-aprendizaxe |
| | | Definición/ descrición proposta | Coordinar os protocolos de uso e actuación con respecto aos recursos existentes a disposición dos docentes e alumnado do título de Pedagoxía. |
| | | Data prevista de finalización | Xullo 2014 |
| | | Data inicio | Febreiro 2014 |
| Responsables | | Usuario responsable da implantación | Decano da Facultade. |
| | | Outros responsables da implantación | Coordinador do grao |
| Tarefa 1 | | Código | AM 3-1 |
| | | Descrición tarefa | Facer inventario dos recursos dispoñibles para a docencia. Recoller información sobre o seu uso e as necesidades de formación. Elaborar protocolos de uso e actuación. |

| | | |
|---|---|---|
| | **Data prevista de finalización** | **Xullo 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Decano da Facultade** |
| | **Usuario responsable** | **Coordinador do Grao – Vicedecano de Calidade** |
| | **Data comprobación** | |
| **Tarefa 2** | **Código** | **AM 3-2** |
| | **Descrición tarefa** | Ampliación do catálogo de recursos dispoñibles no Servizo Psicopedagóxico con novas probas dispoñibles para empréstito (ata 20 probas novas). Cambio do emprazamento do servizo para ampliar o espazo físico dispoñible e o horario de atención. |
| | **Data prevista de finalización** | **Xullo 2014** |
| | **Persoa responsable** | **Persoal de administración e servizos-** |
| | **Usuario responsable** | **Vicedecano de calidade** |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

| **ACCIÓNS DE MELLORA** | | | |
|---|---|---|---|
| **Definición** | **de mellor** | **Código** | AM-4 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | **Tipo** | **ACCIÓN DE MELLORA** |
| | **Orixe** | **Orixe acción** | Informe de Seguimento |
| | | **Descrición orixe** | Planificación |
| | **Definición** | **Análise causa** | Profundizar a normalización lingüística da Facultade |
| | | **Definición/ descrición proposta** | Profundizar na normalización lingüística da actividade docente na titulación de Pedagoxía<br>Coordinar accións dirixidas á normalización lingüística relacionadas con actividades formativas, elaboración de guías docentes, unidades didácticas ou outros aspectos do labor do profesorado. |
| | | **Data prevista de finalización** | xullo 2014 |
| | | **Data inicio** | Febreiro 2014 |
| **Responsables** | | **Usuario responsable da implantación** | Decano-Vicedecano de Calidade |
| | | **Outros responsables da implantación** | Profesorado da titulación |
| **Tarefa1** | | **Código** | |
| | | **Descrición tarefa** | Revisión e debate sobre o uso de recursos educativos en galego para a formación en Pedagoxía. |
| | | **Data prevista de finalización** | Xullo de 2014 |
| | | **Persoa responsable** | Vicedecano de Calidade. Coordinación do título |
| | | **Usuario responsable** | Profesorado da titulación |

| | | |
|---|---|---|
| **Subtarefa 1** | **Código** | |
| | **Descrición tarefa** | |
| | **Data prevista de finalización** | |
| | **Persoa responsable** | |
| | **Usuario responsable** | |
| **Finalización** | **Estado** | |
| | **Data estado** | |
| | **Comprobación** | |
| | **Data comprobación** | |

Notas:
Cada Acción pode ter varias tarefas.
Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.
O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.